



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello de Ponte deume colabora coa campaña solidaria

### #súmate do sangue

**Ponte deume, venres 28 de xullo.**- O Concello de Ponte deume e a Axencia Galega de Doazón de Sangue e Órganos (ADOS) impulsan de novo a participación nas campañas de doazón de sangue para garantir o labor dos hospitais galegos, que precisan preto de 10.000 doazóns de sangue cada mes para atender a todos os doentes.

O verán é a época de maior dificultade para a doazón de sangue. Os enfermos ingresados nos hospitais galegos seguen a precisar a solidariedade dos veciños e veciñas e, por iso, o Concello distribuirá unha carta informativa.

Poden doar sangue as persoas entre 18 e 65 anos e que pesen máis de 50 quilos. Personal sanitario revisará a saúde das persoas que se acheguen ata a unidade móbil de ADOS, antes de levar a cabo a doazón de sangue:

### PONTEDEUME

### MÉRCORES 2 AGOSTO

Unidade móbil de doazón de sangue na Alameda de Raxoi

**10.00 a 14.30 e 16.00 a 21.00 horas**

O Concello de **Ponte deume** acadou en 2016 unha taxa de 57 doazóns por cada 1.000 habitantes e o obxectivo é seguir mantendo as cifras que recomenda a Organización Mundial da Saúde (40 a 60 doazóns por cada 1.000 habitantes).

Queremos facer un agradecemento especial as persoas que participan cada ano nas campañas de doazón de sangue. Grazas a este xesto solidario, os hospitais atenden aos enfermos de cancro e leucemia e levan a cabo, cada día, unha media de 2.700 urxencias, 500 intervencións cirúrxicas e 3 transplantes de órganos e tecidos.

**Neste verán os enfermos non toman vacacións**

**e moitas persoas dependen deste xesto solidario para recuperar a saúde**

**Precisamos 10 minutos da túa vida para salvar a de outros**

